

# AS MOCIÓNS DO BNG NO CONCELLO DE MEIS

- Moción a prol da rede de gas no concello de Meis: (aprobada por unanimidade)
- Moción relativa á seguridade no Colexio Público Integrado do Mosteiro: (aprobada por unanimidade)
- Moción relativa á celebración e revitalización da feira e mercado do Mosteiro, na que solicitabamos, entre outras, que se celebrase en domingo: (a favor BNG, abstención do PSOE e rexeitada polos votos do PP)
- Moción sobre a contaminación acústica no concello: (a favor BNG e PSOE e rexeitada polos votos do PP)
- Moción a prol da integración das Comunidades de Montes en Man Común de Santo Tomé e San Lourenzo de Nogueira nos órganos de goberno que se constitúan no Consorcio para o futuro Polígono Industrial de Meis-Barro e posicionamento en contra a calquera asentamento industrial que prexudique a vocación turística, agraria e que afecte á saúde e á calidade de vida dos veciños de Meis: (a favor BNG, rexeitada cos votos do PP, abstención do concelleiro do PP, Juan Villanueva)

- Moción a prol do Patrimonio oral galego-portugués: (aprobada por unanimidade)
- Moción a prol dos postos de traballo de IZAR: (a favor BNG e PP e abstención do PSOE)
- Moción a prol da igualdade e en contra da violencia de xénero (aprobada unanimidade)
- Moción sobre a marcha mundial das mulleres (aprobada por unanimidade)
- Moción a prol da convocatoria dunha Mesa de Precios do Viño (aprobada por unanimidade)
- Moción sobre as explotacións agrarias (rexeitada polos concelleiros do PP)
- Moción a prol do Servizo de Sumidoiros de Meis (apoiada polo PSOE e rexeitada cos votos do PP)
- Moción sobre a Estafeta de Correos de Meis (O PP non considerou oportuno a discusión desta moción)
- Moción do Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico de Meis (O PP considera que non é oportuno discutir este tema)
- Moción sobre o Día da muller traballadora (Aprobada por unanimidade)

## SABÍAS QUE...???

...Pretenden facer un único sentido de dirección para a estrada que vai desde a rotonda do Mosteiro até o Campo da Feira e remata saíndo polo colexio?

...A parcelaria no concello de Meis vai a paso lento pola falta de cartos?: Cantos anos levamos con este proceso xa? Que fai o alcalde e o seu grupo para axilizar o proceso? Acaso non interesa?

...Despois de moitos anos, o Goberno municipal non é capaz de arranxar os problemas co sinal da Televisión que teñen moitos veciños de Nogueira, Meis, San Martiño e Armenteira?

...O BNG está a favor dun Padroado para as Festas de San Bieito que sirva para mellorar as festas e o PP quedou en estudar a proposta en Xullo do 2004 e aínda non sabemos nada?

...Tiñan pensado facer unha canceira en San Salvador de Meis desde hai 5 anos e a Mancomunidade do Salnés tivo que empezar de novo cos

trámites?

...Tiñan pensado facer un Punto Limpo en San Lourenzo e como os do PP de Meis son uns incompetentes e non loitan polo noso, ese punto limpo marchou para outros concellos?

...Hai 6 anos, o alcalde de Meis declaraba ante os medios de comunicación que o polígono de Meis ía a ser o mellor do Salnés e hoxe en día a Xunta invirte máis noutros polígonos da comarca que a Deputación en Meis-Barro? Que fixo o alcalde e o PP durante todo este tempo? Sabias que en Barro xa fixeran estudos de impacto medioambiental, por exemplo, e o concello de Meis aínda non empezara a facer nada? Por que a Xunta xa non ten interese polo polígono de Meis?

...O pleno da corporación de Meis aprobou hai un ano unha moción do BNG sobre a seguridade dos nenos e nenas no colexio do Mosteiro e o PP aínda non fixo nada? Se cadra non poden tomar medidas

provisionais?...Se cadra ao PP de Meis non lle importa?

...O plan de mellora da estrada O Mosteiro-Barrantes foi aprobado pola Deputación en 1993, as obras empezaron en 1999 e no 2005 aínda non remataron os 8 quilómetros que ten o vial?...e iso que a Deputación é do PP.

...O PP contemplaba levar a biblioteca á Casa da Cultura do Mosteiro e como non saben facer as cousas agora non teñen espazo para ubicala? Que o expliquen!

...O BNG solicitou que se ampliasen as partidas orzamentarias para asuntos sociais, para as familias máis necesitadas! É primordial!

....Desde hai 6 anos pensaban facer un museo na Armenteira e o PP e o alcalde non foron quen de traballar e loitar para que ese proxecto fora para adiante? Será porque non teñen capacidade ou non traballan para que o concello de Meis se dote deste tipo de infraestructuras?

# BLOQUE

## Boletín informativo



Meis, maio. 2005


## MEIS CARECE DE SERVIZO DE SUMIDOIROS

A situación da rede de sumidoiros no concello de Meis é dantesca, moi propia de concellos escasamente desenvolvidos. Sabemos que a rede actual non cobre nin o 15 % das vivendas do concello, que se fai sen sentido lóxico e planificación previa, e que, aínda por riba, as depuradoras e as decantadoras NON FUNCIONAN.

A día de hoxe podemos dicir que en Meis non existe ou non funciona o servizo municipal de sumidoiros. Isto leva consigo contaminación, cheiros e verquidos incontrolados que se diseminan por toda a xeografía meisense. De feito, no Mosteiro e arredores, por poñer un exemplo, nun radio moi pequeno, atopamos a vella depuradora das Velosas, que leva moitos anos fóra de funcionamento; a das Güimilas, que está sen pñerse a funcionar e aínda non se saben as causas, pois desde o Goberno Municipal agóchase; a decantadora ubicada no Porrelo, no río Anse de ao seu paso pola Avda. Paz García, que ofrece unha situación imposible de describir debido á contaminación que provoca pois está sen rematar e non funciona. Sumar ademais neste mesmo radio unha morea de verquidos incontrolados e á vista de todos dos que o Goberno Municipal non pode negar o seu coñecemento. Mencionar ademais que esta é a tónica xeral que se produce en tódolos recunchos do noso concello: na Armenteira atópanse verquidos no medio das pistas e discorrendo por elas; en Nogueira atopamos os verquidos nas cunetas das carreteras; en San Lourenzo danse casos incluso nas leiras de labor etc, etc...

Este espectáculo vergoñento debe rematar e levamos ademais a preguntarnos, unha vez máis por que a día de hoxe non entrou en funcionamento a depuradora das Güimilas, nas proximidades da Baralla ou como nos podemos permitir o luxo de tela paralizada sabendo o que nos custou a tódolos

veciños de Meis. A rede de sumidoiros é un dos servizos básicos que calquera concello debe ter como unha das súas prioridades.



Depuradora das Güimilas (A Baralla)

### O BNG DEMANDA

1. Que nos vindeiros orzamentos se recollan maiores investimentos no servizo de sumidoiros.
2. Que se faga un estudo de tódolos verquidos incontrolados que se espallan polo concello e se solventen estas situacións na menor brevidade posible de tempo.
3. Que se faga e se dea a coñecer un plan de servizo de sumidoiros axeitado ás necesidades do concello, cunha orde de actuación lóxica e cunhas prioridades e obrigadoriedades manifestas e de obrigado cumprimento.
4. Que se poña en funcionamento axiña a depuradora das Güimilas.
5. Que se arranxe ou se substitúa o depósito de decantación na rede de San Lourenzo.
6. Que en tódolos lugares do concello onde exista ou vaia existir unha rede de sumidoiros teña onde ir dirixida e tratada do xeito que debe, dacordo coas medidas medio-ambientais correspondentes.

Máis información do BNG:  
[www.bng-galiza.org/osalnes](http://www.bng-galiza.org/osalnes)  
E-mail: [salnes@bng-galiza.org](mailto:salnes@bng-galiza.org)



## Oficina de Correos de Meis



O Bloque Nacionalista Galego foi o impulsor de que o noso concello dispoña actualmente dunha oficina de correos e pulamos pola mellora deste servizo.

O BNG defende unha oficina que estea a disposición de toda a cidadanía do concello e non só para unha porcentaxe que non abrangue nin o 25% dos veciños e veciñas de Meis.

Paradójico é que un veciño do Campo da Feira (O Mosteiro) poida ir recoller un paquete a esta oficina e, pola contra, un veciño de Paiendes (Nogueira), a escasos metros de distancia, teña que ir a Cambados. O servizo ten unhas características tan "singulares" que só pode ser utilizado para a maior parte dos usos polos veciños de San Lourenzo, San Tomé e parte de Nogueira (só os do centro do Mosteiro); o resto das persoas teñen que acudir a Cambados para recoller un paquete. Os veciños de Penente ou Zacande (Nogueira) non poden exercer certos servizos mentres que os veciños de San Lourenzo ou San Tomé si, isto comentado sen intención de menoscar os dereitos dos veciños desta freguesía, aos que apoiamos e defendemos.

Esta oficina, pertencente ao concello de Meis, inaugurada a finais de ano e que tanto nos custou ter, é provisional e o seu futuro vai depender do uso que a cidadanía de Meis faga dela. Consideramos ademais, que a poboación á que da servizo nestes momentos é insuficiente para crear un movemento postal ou de paquetería que permita o mantemento da oficina postal, feito que todos desexamos. O BNG solicitou que o Goberno Municipal loite para que esta oficina sexa para todos eses veciños e para que posúa todos os servizos e dotacións dun local de correos.

## O BNG PREOCÚPASE POLOS PROBLEMAS DO CONCELLO

### O BNG INTERESOUSE NOS PLENOS POLOS SEGUINTES ASUNTOS:

- o Canalizacións de auga potable na Armenteira
- o Estado do cruceiro do Agrelo (A Xesteira-Nogueira)
- o Arranxo e limpeza da fonte da Fontenla (San Lourenzo de Nogueira)
- o Verquidos SOYNACÍ (Paradela) nun regueiro próximo.
- o Corrección da Toponimia da Armenteira
- o Estado de abandono dos muíños da Buraca (Armenteira), restaurados hai 5 anos.
- o Estado de abandono do muíño da Laxiña (San Martiño).
- o Vertedoiro moi contaminante en Caxín (San Martiño)
- o Análises de augas das fontes públicas do concello
- o Concentración parcelaria no concello: medidas de axilización
- o Mellora das rotondas: aspecto deplorable
- o Cambio da compañía do mantemento eléctrico do Concello.
- o Débeda con Fenosa
- o Obras entorno da Igrexa de San Vicente de Nogueira
- o Problemas de pavimento na entrada á vía rápida en San Martiño
- o Cortes de luz constantes en Salvador de Meis
- o Canalizacións de subministro de auga potable: roturas continuadas, presión inadecuada.
- o Creación dun Servizo de Normalización Lingüística
- o Situación sobre a lentitude das obras da Escola Laica de Santo Tomé de Nogueira: Preescolar e Gardería Municipal.

## INVENTARIO DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

Levamos xa 6 anos esperando a que o concello de Meis presente un Inventario do noso patrimonio cultural e resulta que agora non teñen esbozado ningún proxecto, o BNG demanda que sexan os organismos públicos responsábeis, como a Consellería de Cultura ou o Museo de Pontevedra, quen se encargue de realizar un proxecto que abrangue toda a riqueza cultural do concello: petroglifos, mámoas, fontes, cruceiros, arquitectura popular, etc.

Os ataques sistemáticos contra o noso patrimonio seguen a producirse; como exemplo a destrución dos cruceiros do Agrelo (Zacande-Nogueira) ou os danos sufridos polo cruceiro de Quintáns (San Salvador de Meis). O PP non quixo discutir a moción que levou o BNG.



Capela de San Nicolau (Meis)

## MEIS...CARA ONDE IMOS!!!

Estase a producir, cada vez máis, unha sensación xeralizada na veciñanza de que non temos goberno pois día tras día estáse a repetir estas expresións respecto do goberno municipal: "Non hai con quen falar", "son uns INCOMPETENTES"...

Ese non hai con quen falar, débese ao desencanto que está a producir na xente o desinterese do goberno do Sr. Pérez polos problemas e as necesidades veciñais. Algúns exemplos aclaratorios entre centos deles:

1. Na Armenteira deuse a situación, entre outras, de que dende o concello se instalaron unhas canalizacións para residuos, incluso se conectaron cuartos de baño (aínda que o concello o desminte, os veciños aseguran, son os seus) pero non tiñan onde saír, entón deuse a orde de: "Que saian aí abaixo".

Lóxicamente a situación producida foi dantesca, xa que o lixo vertía no camiño, nas cunetas e nas leiras, e os veciños protestaron enerxicamente, pero non acudiu nin o alcalde nin os concelleiros, mandan o traballador de turno, a enterarse do que pasa, non a arranxar nada, para que este aguante o chaparrón. Eso é eficacia!!!!

2. Na estrada do Mosteiro a Barrantes estanse a producir cousas moi estrañas pois cólleselles terreo a todos os veciños pero os peches non son iguais para todos: a uns fánelles mentres que a outros non; a uns remántanselles dun xeito e a outros doutro, con catro cascotes mal feitos, mal colocados, tarde e arrastro, e ás veces, nin se chegan a rematar.

¿Cal será o motivo destas diferenzas? Hai quen di de casos raros por estar na lista da comunidade de montes equivocada?? Será iso??? Que demostren que os ditos populares se equivocan!!!

3. Cada vez o concello ten máis citas nos xulgados. Algúns veciños non poden máis ante as supostas irregularidades cometidas polo goberno do Sr. Pérez e acoden a denunciar ao xulgado. Non son dúas nin tres, pero dende a Alcaldía non responden e iso que se lle pregunta por activa e por pasiva, cantas denuncias ten o goberno municipal a día de hoxe??? A que se deberá ese "silenzo"???

Está claro que o grande interese dos gobernantes municipais actuais son os proxectos que producen a foto, os macroproxectos. Véxase: unha avenida no Mosteiro da que falan de 300 millóns das antigas pesetas, e cousas similares. Ben é certo que as melloras son válidas e ninguén di que non sexa así. Tamén non é menos certo que as inversións deben priorizarse segundo as necesidades pois a ninguén se lle ocorre mercar unha pulseira de ouro se os fillos precisan de pan para comer. Primeiro as necesidades básicas e despois o demais.

4. No tocante ao tan vendido futuro polígono, dende a alcaldía non se informou para nada aos veciños e con dicir "vai ser bo, vai ser bo...", xa consideran o tema zanzado. Pero se cambiaron os terreos no PXOM, dicindo que era para adaptalo á lei de decembro de 2003 ( recordemos que o PXOM se aprobou o 23 de maio de 2003, último día da corporación saínte, pois o día 25 de maio foron as eleccións, fagan lectura!!!). Onde dicía na lei de decembro de 2003 que había que cambiar a catalogación do solo???

Sen exposición pública??? A xunta pasou por iso??? Por que???

Que tipo de intereses se defenden??? Os dos veciños??? Os doutros???

E seguen a cambiar cousas no PXOM, sen informar a quen realmente lle interesa e afecta: aos veciños!!!

5. Respecto do patrimonio, xa da "noxo" ver o que acontece. Baste dicir que cada vez, por exemplo, quedan menos cruceiros. Non é menos certo que algunhas roturas ou destrozos son froito de actos vandálicos ou accidentes desafortunados. Pero todos??? Onde están os restos???

Por que non se informa a patrimonio de aquilo que lle compete??

Por que dende o goberno municipal se di que non se pode acudir a patrimonio, que despois non deixan tocar unha pedra??

Por que dende o goberno municipal se deixan vender e sacar da súa ubicación piornos de máis de cen anos??

Dende o BNG en Meis queremos respostas e por isto levamos todas estas cuestións e outras que mencionamos non tan polo miúdo aos plenos celebrados no concello. Ao mesmo tempo plantexamos todo isto e máis a nosa visión das situacións por escrito e entregámoslos entregados no rexistro municipal. As respostas tardan meses en efectuarse e o cando se responde e o como xa sería cuestión de novelalo e publicalo por capítulos.

